

Ecología

Textos: **Rebeca Fernández**
Fotos: **Sangiao e Adegas**

ACCIÓNS INDIVIDUAIS QUE CONTRIBÚEN A EVITAR A DEGRADACIÓN DO PLANETA

Vive en verde: promover a sustentabilidade no cotián

Tomar conciencia dos impactos que as nosas actividades diarias teñen sobre o medio e a nosa contorna. Con este propósito, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adegas) promove a iniciativa *Ecología no cotián*, unha forma de pasar á acción a través dunha serie de trucos cos que evitar comportamentos lesivos no noso día a día que contribúen á degradación do planeta. Aforrar auga, reducir lixo e minguar o consumo de enerxía son as tres claves sobre as que se asenta unha nova forma de facer as tarefas do fogar seguindo o principio do *vive en verde*.

Un dos bens máis escasos do planeta debido á acción dilapidadora do ser humano é a auga. Prevese que en poucos anos deixe de ser un recurso ilimitado e o seu valor mesmo chegue a duplicar o do petróleo. De aí, a importancia do uso correcto dun elemento indispensable para o ser humano. Revisar as billas para evitar perdas, reducir a carga de auga do WC ou utilizar a auga coa que se lavan as verduras para regar as plantas son algúns dos consellos de Adegas para promover o aforro deste recurso. Os máis clásicos: ducharse en lugar de bañarse, co que se aforran 100 litros, ou empregar a lavadora coa carga completa ou en programas curtos, co que pode consumir un 5% menos de auga.

O lixo é outros dos problemas máis acuciantes ós que se debe afrontar a sociedade do

Ducharse no canto de bañarse supón un aforro duns 100 litros de auga, a reutilización de embalaxes mingua o quilo de lixo que cada galego produce ó día, unha bombilla de baixo consumo emite unha tonelada de CO₂ menos que a convencional, lavar en frío reduce nun 70% o consumo da lavadora... Adegas ofrece pequenos trucos cos que coardar a nosa contorna




A AUGA É CADA VEZ UN BEN MÁIS ESCASO POLO SEU CONSUMO IRRACIONAL NO FOGAR

consumo actual. Estimase que cada galego xera ó día un quilo de lixo, que pode reducirse seguindo a regra clásica das 3 R: redución, reutilización e reciclaxe. Evitar a excesiva embalaxe, reutilizar envases, promover bolsas de tea ou os carríos e mercar a granel, hábitos sinxelos que son decisivos.

Todas as enerxías teñen un grande impacto ambiental e mesmo social: os procesos de extracción e refino de petróleo, os encoros ou os gasodutos inciden sobre o medio e as persoas, polo que debemos facer un consumo o máis reducido posible. ¿Como? Aproveitando todo o que se poida a luz natural; usando bombillas de baixo consumo, que reducen a emisión de CO₂ en media tonelada ao longo da súa vida útil; ou lavando en frío, que posibilita un aforro do 70% do consumo da lavadora. Sinxelos consellos para pensar e vivir en verde.


SABÍAS QUE...?

Unha billa pingando estraga ata un litro de auga por hora



O mantemento das instalacións é vital para o aforro da auga. Unha billa pingando pode estragar ata un litro de auga por hora, o que supón uns 720 litros ó mes. O mal estado das conducións provoca, ademais, que se perda o redor dun terzo do total da auga antes de chegaren á billa. O WC verte 10 litros cada vez que se tira da cadea, de aí a necesidade de reducir a carga de auga. ¿E no xardín? Para evitar o desbaldimento, Adegas recomenda recoller a auga da cinceira para regar.

Unha pila de botón contamina ó redor de 600.000 litros




Unha soa pila botón pode contaminar 600.000 litros de auga, máis da que bebe unha familia de catro persoas en toda a súa vida. Por iso é recomendable fuxir delas ou usálas recargables e nunca tiralas ó lixo. En canto á materia orgánica, da que producimos un quilo ó día, hai que ter en conta que pode reciclarse e converterse en abono a través da compostaxe. A caseira xa é unha alternativa grazas ós programas que promove Adegas a través de varios concellos galegos.

O limón e o vinagre poden substituír os produtos de limpeza




Os produtos de limpeza das nosas estanterías están caracterizados na súa meirande parte, pola súa alta toxicidade e pola gran cantidade de residuos que xeran a súa fabricación e embalaxe. En cada fogar hai un auténtico arsenal químico, cando practicamente todos estes produtos se poden substituír por limón, vinagre branco, bicarbonato, aceites esenciais e borax. A clave: reducir a súa utilización e empregar moito menos da dose recomendada.

Secar a roupa ó aire reduce nun 3% o consumo de enerxía



Os electrodomésticos son tan necesarios como contribuídores do aumento do gasto enerxético. Por iso, Adegas recomenda usar lavadoras de baixo consumo ou prescindir da secadora, secando a roupa ao aire para reducir o consumo nun 3%. O frigorífico é o responsable de do 10% do gasto do fogar. Por iso hai que recordarlle que caga grilo centrifgado a maiores supón un 5% máis de consumo (entre 3 e 5 graos é suficiente). Os puntos brancos: o destino para cando xa non son útiles.

Cortáronse 2 millóns de Km² de bosques entre 1980 e 1992



Mobles, portas, fiestras... Unha casa contén numerosos elementos feitos con madeira, pero nunca reflexionamos sobre a súa críxe. Entre 1980 e 1992 destruíronse máis de 2 millóns de hectáreas cadradas de bosque, unha superficie equivalente a México. De feito, o turismo forestal é unha das grandes ameazas dos bosques tropicais. Por iso, Adegas recomenda mercar madeira coa recomendación FSC e optar por mobles de segunda man sempre que se poida.